



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP "Virxe do Corpiño"

Rúa da Igrexa s/n - Begonte (Lugo) CP.: 27373

Teléfono: 982870089

Email: ceip.virxe.corpinho@edu.xunta.es

Web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxecorpinho/>

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO

AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

CURSO ESCOLAR 2020/21

NORMA

ORDE do 12 de maio de 2020 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2020/2021 (código de procedemento ED330B) (*Diario Oficial de Galicia do 19 de maio de 2020*).

Centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos

DESTINATARIOS

- **Fondo solidario de libros de texto:** alumnado matriculado en **3º, 4º, 5º e 6º de EP** e en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO; cursos nos que, necesariamente, se manterán os libros de texto do curso 2019/20, agás en 3º e 5º de EP que se permitirá a adquisición e substitución de libros de texto, de acordo co establecido na Orde do 29 de maio de 2013 (DOG do 30 de maio), pola que se determina o período de vixencia dos libros de texto e demais materiais curriculares.
- **Axudas para adquirir libros de texto:** alumnado matriculado en **1º e 2º de EP** e en educación especial (EE); así como as axudas que pode recibir o alumnado incluído na disposición adicional primeira (discapacidade $\geq 65\%$) e na disposición adicional segunda (necesidades específicas de apoio educativo –NEAE-), circunstancia que fará constar o centro na solicitude.
- **Axudas para adquirir material escolar:** alumnado matriculado en EP, ESO e EE.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP "Virxe do Corpiño"

Rúa da Igrexa s/n - Begonte (Lugo) CP.: 27373

Teléfono: 982870089

Email: ceip.virxe.corpinho@edu.xunta.es

Web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxecorpinho/>

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Do 20 de maio ao 19 de xuño de 2020 ambos incluídos.

FORMA DE PRESENTACIÓN

- A solicitude será única para todos os fillos.
- As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica no formulario normalizado (anexo I) dispoñible na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>.
- Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Será **obrigatorio** solicitar cita previa, chamando ao seguinte número de teléfono: 982870089.
- Cando o alumnado, no momento de presentar a solicitude, aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2020/21, deberá presentala no centro en que estivese matriculado no curso 2019/20.
- Para presentar as solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).
- A solicitude deberá estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado, e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, que cumpre os requisitos exixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, que se compromete a conservar en bo estado e a devolver ao finalizar o curso os libros de texto e o material reutilizable recibidos do fondo solidario ou adquiridos coa axuda para libros de texto.
- As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:
 - a) Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP "Virxe do Corpiño"

Rúa da Igrexa s/n - Begonte (Lugo) CP.: 27373

Teléfono: 982870089

Email: ceip.virxe.corpinho@edu.xunta.es

Web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxecorpinho/>

b) Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar.

En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

- A documentación complementaria (que se xunte coa solicitude) presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.
- Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente no centro docente, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DEVOLUCIÓN DOS LIBROS DO CURSO 2019/2020

- Ao rematar o curso 2019/20, o alumnado beneficiario de libros de texto ou do material substitutivo dos libros cando sexa reutilizable, tanto se o recibiron do fondo solidario como se o adquiriron coa axuda para libros de texto, deberá devolver todo ao centro para a súa incorporación ao fondo solidario para o curso 2020/21.
- O prazo para devolver os libros de texto irá desde o día 22 de xuño ata o 7 de xullo de 2020, ambos incluídos.
- Para proceder á devolución será **obligatorio** solicitar cita previa, chamando ao seguinte número de teléfono: 982870089.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL**CEIP "Virxe do Corpiño"**

Rúa da Igrexa s/n - Begonte (Lugo) CP.: 27373

Teléfono: 982870089

Email: ceip.virxe.corpinho@edu.xunta.es

Web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxecorpinho/>**OUTRA INFORMACIÓN IMPORTANTE**

- **PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE BENEFICIARIOS:** 10 de xullo de 2020.
- **RECLAMACIÓN Á LISTAXE PROVISIONAL:** 2 días despois da súa publicación.
- **PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA:** 15 DE XULLO.
- **ENTREGA DE VALES DE MATERIAL ESCOLAR E REPARTO DE LIBROS DO FONDO SOLIDARIO:** Do 1 ao 4 de setembro de 2020

RESUMO DO FONDO E DAS AXUDAS

	Renda per íapita familiar		Calquera renda per íapita						
	≤ 6.000€	> 6.000 e ≤ 10.000€	≤ 6.000€	En garda ou tutela da Xunta		Disiapaidade ≥ 65%		Eduaiión espeial	
	Libros de texto		Material	Libros de texto	Material	Libros de texto	Material	Libros	Material
1º e 2º EP	210€	140€		210€		275€			
3º, 4º, 5º e 6º EP ou ESO	Fondo: 6 libros ⁽¹⁾	Fondo: 4 libros ⁽¹⁾		Fondo: 6 libros ⁽¹⁾		Fondo: 6 libros ⁽¹⁾ ou: 275 € ⁽²⁾	50 €	275 €	50 €
Alumnado con NEAE – EP ⁽³⁾	210€	140€	50€	210€	50€				
Alumnado con NEAE – ESO ⁽³⁾	240€	160€		240€					

(1) O número de libros que se indica é o mínimo garantido, pero poderá incrementarse se houbera existencias suficientes no centro.

(2) O alumnado cunha discapacidade ≥ 65 % matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º EP ou 1º, 2º, 3º e 4º da ESO que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario do centro, recibirá a axuda para libros, e poderá adquirir libros doutros cursos ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine (Disposición adicional 1ª).

(3) O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros axeitados no fondo solidario en ningún curso, o centro expediralle un vale, co que poderá adquirir libros ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine (Disposición adicional 2ª).

Esta situación deberá acreditarse cun informe do centro onde se xustifique a necesidade de adquirir o material indicado para o alumno e a imposibilidade de empregar os libros de texto do fondo solidario de calquera curso, que debe quedar archivado xunto coa solicitude.